



CATÁLOGO DO PROGRAMA LER CONTA MOITO PREGUNTAS FRECUENTES

ÍNDICE

1. Que é o catálogo Ler conta moito?
2. Como se elabora o catálogo?
3. É obrigatorio estar inscrito neste catálogo para poder realizar actividades nunha biblioteca?
4. Cal é o prazo para inscribirse no catálogo Ler conta moito?
5. Quen pode inscribirse no catálogo?
6. Como podo inscribirme?
7. Se realizo o meu traballo artístico ou profesional por conta dunha empresa, asociación, etc, debo inscribirme eu persoalmente, ou é a empresa quen ten que facelo?
8. A inscrición é automática, ou debo agardar para saber se foi aceptada?
9. Por que causa podería denegarse a miña inscrición?
10. Se xa estaba no catálogo do ano anterior e quero manter as mesmas actividades propostas, teño que volver inscribirme?
11. Se me inscribo no catálogo, cando tería que realizar a miña actividade? Teño que estar dispoñible en calquera lugar e época do ano?
12. Unha vez que estou no catálogo, como saberei se algunha biblioteca quere contratarme?
13. E se unha vez inscrito/a no catálogo quero renunciar ou suspender a participación durante un tempo?
14. Cantas actividades podo dar de alta?
15. Que tipo de actividades podería incluír no catálogo?
16. Hai un límite para o prezo que podo cobrar?
17. Unha vez realizada a actividade, como teño que presentar a factura?



1. Que é o catálogo Ler conta moito?

É un conxunto de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural que os/as profesionais interesados/as poñen a disposición dos titulares de bibliotecas públicas, co obxecto de que poidan seleccionalas para a súa programación de dinamización da lectura durante o ano.

Ademais, como o catálogo é público, serve tamén de escaparate para que calquera persoa ou entidade que necesite contratar actividades poida coñecer a oferta dispoñible.

2. Como se elabora o catálogo?

Anualmente, a Dirección Xeral de Cultura abre unha convocatoria pública para acoller a proposta de actividades de dinamización da lectura realizadas por profesionais ou colectivos que desexen participar.

A partir do banco de propostas, constrúese o catálogo de actividades.

Tanto as convocatorias e as bases para participar como o catálogo de actividades seleccionadas publícanse no portal da Rede de Bibliotecas de Galicia

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl>

3. É obrigatorio estar inscrito neste catálogo para poder realizar actividades de dinamización nunha biblioteca?

Non, as bibliotecas poden organizar a súa programación de actividades como consideren máis oportuno. Porén, os concellos titulares de bibliotecas ou axencias de lectura municipais que reciban unha subvención do programa Ler conta moito deben contratar necesariamente polo menos dúas actividades do catálogo.

4. Cal é o prazo para inscribirse no catálogo Ler conta moito?

Na convocatoria 2026, o prazo está aberto do 20 de decembro de 2025 ao 26 de xaneiro de 2026.

5. Quen pode inscribirse no catálogo?

Pode inscribirse calquera persoa física ou xurídica que realice profesionalmente actividades de dinamización cultural.

É necesario estar de alta no Censo de actividades económicas, nunha epígrafe das recollidas no anexo da resolución de convocatoria, ou noutra adecuada ao tipo de actividade que se vaia desenvolver.

No formulario de inscrición, débese xuntar unha copia do certificado que acredite esta alta. O certificado debe ser actual (non máis de 12 meses de antigüidade).

6. Como podo inscribirme?

Entrando na sección "Alta de actividades no catálogo" desde a plataforma do programa Ler Conta Moito. Pode acceder a esta plataforma:

- directamente a través do enlace: <https://lercontamoito.xunta.gal/>.
- desde a páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal/> pinchando no banner *Dinamización da lectura. Ler conta moito*.
- desde a páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal/>, a través da ruta: *Área para profesionais > Promoción da lectura > Ler conta moito*.

Na sección "Alta de actividades no catálogo" poderá atopar unha guía práctica de inscrición e alta de actividades.

7. Se realizo o meu traballo artístico ou profesional por conta dunha empresa, asociación, etc, debo inscribirme eu persoalmente, ou é a empresa quen ten que facelo?

Quen debe inscribirse no catálogo é quen realiza profesionalmente a actividade, sexa unha persoa individual ou un colectivo (persoa xurídica).

Con carácter xeral, a persoa ou entidade inscrita é quen debe emitir a factura pola actividade que realice.

Porén, se vostede, como artista ou profesional, traballa por conta doutra persoa ou entidade (que é quen vai emitir a factura), debe indicar tamén os datos desta última e achegar un documento que acredite esta circunstancia (certificado ou contrato de representación, declaración responsable etc).



8. A inscrición é automática, ou debo agardar para saber se foi aceptada?

A inscrición non ten efectos automáticos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, revisa os rexistros e elabora unha listaxe de admitidos/as e excluídos/as.

Unha vez publicada a listaxe na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia: <https://rbgalicia.xunta.gal/>, ábrese un prazo de dez días para poder presentar alegacións ou completar a información ou documentación que falte.

Logo de examinadas as alegacións, publícase o catálogo definitivo.

9. Por que causa podería denegarse a miña inscrición?

A súa inscrición pode ser rexeitada se incumpre as condicións da convocatoria. As causas de exclusión máis habituais adoitan ser:

- Non acreditar a alta no Censo de actividades económicas nunha epígrafe das recollidas no anexo da resolución (ou outra relacionada coa actividade que se pretende desenvolver), ou ben achegar un certificado non actual.
- Rexistrar os seus datos persoais, pero sen propoñer ningunha actividade.
- Propoñer tres actividades, sen que ningunha delas estea orientada especificamente a promover a igualdade entre homes e mulleres.
- Ter facturado a algunha biblioteca participante no programa, na convocatoria anterior, un prezo maior que o indicado no catálogo.

10. Se xa estaba no catálogo do ano anterior e quero manter as mesmas actividades propostas, teño que volver inscribirme?

O catálogo ábrese cada ano e non se incorporan automaticamente as actividades do ano anterior, polo que se o desexa ten que volver inscribirse.

Porén, o sistema garda os seus datos e ademais recupera a información sobre as actividades do ano anterior, polo que se non desexa facer cambios, a inscrición é moi rápida.



11. Se me inscribo no catálogo, cando tería que realizar a miña actividade? Teño que estar dispoñible en calquera lugar e época do ano?

O catálogo estará activo desde a data en que se faga público e ata o 31 de outubro. Durante ese período, as bibliotecas interesadas poderían realizar algunha das actividades propostas.

Vostede pode indicar no catálogo se ten dispoñibilidade todo o ano ou non, e neste caso, debe sinalar os períodos (meses do ano, días da semana...) nos que non estará dispoñible.

Tamén pode indicar en que provincias galegas quere actuar.

En calquera caso, terá que concretar as condicións coa biblioteca interesada en contratar a actividade.

12. Unha vez que estou no catálogo, como saberei se algunha biblioteca quere contratarme?

O catálogo non funciona como plataforma de contratación. Cada biblioteca deberá seleccionar aquela actividade que lle interese e contactar directamente co/a profesional ou artista para verificar a súa dispoñibilidade e concretar as condicións de realización.

13. E se unha vez inscrito/a no catálogo quero renunciar ou suspender a participación durante un tempo?

Pode comunicarllo á Consellería a través do correo lercontamoito@xunta.gal

14. Cantas actividades podo propoñer?

Pode propoñer un máximo de tres actividades. No caso de propoñer tres, polo menos unha delas terá que estar orientada especificamente a promover a igualdade entre homes e mulleres.



15. Que tipo de actividades podería incluír no catálogo?

En xeral, as actividades propostas deben estar dirixidas a potenciar a imaxe das bibliotecas e fomentar o acceso igualitario á cultura, a través dun ou varios dos seguintes obxectivos:

- promover a lectura, a escritura ou a creación artística;
- difundir a cultura e a lingua galega;
- divulgar o coñecemento;
- promover o pensamento crítico, a innovación e a creatividade;
- favorecer a construción social participativa, igualitaria e inclusiva.

Para facilitar a busca posterior no catálogo, as actividades poderán encadrarse nalgunha das seguintes categorías:

- a) Obradoiros creativos, tales como os dirixidos á escritura, creación audiovisual, oralidade, ilustración, tecnoloxía, ciencia e outros.
- b) Narración oral: contacontos, lecturas en voz alta, recitais, regueifas e similares.
- c) Divulgación literaria: encontros con autores, clubs de lectura e similares.
- d) Divulgación do coñecemento: divulgación científica, charlas sobre temas de interese social ou cultural e outros semellantes.
- e) Audiovisual: proxeccións, audicións, ciclos arredor do cine e a música, linguaxes audiovisuais...
- f) Creación dixital: creación de contidos, programación e outros.
- g) Artes escénicas: música, teatro, danza e outras.
- h) Exposicións.
- i) Roteiros ou itinerarios guiados: percorridos colectivos para descubrir escenarios literarios ou espazos de interese cultural.

16. Hai un límite para o prezo que pode cobrar?

O programa non establece un prezo máximo ou mínimo. As condicións que deben terse en conta á hora de establecer o prezo son as seguintes:

- O prezo é único para todo o programa. Non pode fixar un prezo distinto para unhas bibliotecas ou outras
- O prezo que debe indicar é o total, incluídos gastos de desprazamento, materiais, etc, así como os impostos.



- A factura non pode en ningún caso ter un importe superior ao prezo indicado no catálogo.

Por iso, se vostede é unha persoa física que aplica na factura a retención a conta do IRPF, debe ter en conta que o prezo que ten que indicar no catálogo non é o líquido que vostede quere percibir, senón o total (incluída a retención por IRPF).

Isto é moi importante, porque facturar por un importe superior ao indicado no catálogo é causa de exclusión para a seguinte convocatoria.

17. Unha vez realizada a actividade, como teño que presentar a factura?

Os termos de facturación deben ser acordados coa entidade que contrate a actividade.

Porén, debe saber que para que esa factura poida ser presentada como xustificante da subvención por un concello que participe coa súa biblioteca no programa Ler conta moito, debe cumprir as seguintes condicións:

- A factura debe presentala a persoa ou entidade dada de alta no catálogo, ou ben aquela que a represente e estea así identificada no propio catálogo (ver pregunta 7).
- Debe pagarse nunha conta titularidade da persoa ou entidade que factura.
- Debe estar pagada antes do prazo de xustificación que se estableza na convocatoria das subvencións.

O importe da factura en ningún caso pode ser superior ao prezo indicado no catálogo, incluídos todos os impostos, como o IVE e a retención a conta do IRPF, cando proceda. Facturar un importe maior que o que figura no catálogo é causa de exclusión para a seguinte convocatoria.